

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 16 DE SETEMBRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dezaseis de Setembro de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez. - Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 10 de Setembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos de común e sen perxuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A Don José Regueiro Centron, veciño de San Cristovo, para que nun solar sito no nº 45 do devandito lugar, poida construír un inmovible composto de baixo e dúas plantas segundo proxecto presentado, con visado de data 13 de Febreiro de 1996, debendo cumpri-las seguintes condicións: o apartado 4.2 do Programa mínimo sanitario Decreto 311/1992 do 12 de Novembro, o voo

frontal non poderá sobresaír da liña do bordo; suprimirase o peto frontal da cuberta en fachada; reporase a beirarrúa e servicios públicos afectados; deberá depositar unha fianza de 100.000 pesetas para responder da bondade das reposicións; solicitará licencia de primeira ocupación, segundo procedemento establecido. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Prácticase a liquidación provisional ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é 605.277 pesetas.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Don Antonio Novoa Torres, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Celso Emilio Ferreiro, 7, 3º, no que interesa autorización municipal para levar a cabo obras no devandito inmovible, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello que di: "Aplicando a Ordenanza 4.8 e concurrente a 4.0, o fondo máximo para calquera altura será de 15 metros; polo tanto, a cubrición do patio non se poderá realizar sobrepasando a cota de fondo de 15 metros; a altura máxima será de 5 metros, altura total; o uso, o admitido segundo 4.8.3.1.; a edificación terá a consistencia estrutural para os usos admitidos polo que deberá aporta-la documentación técnica na forma regulamentaria segundo estas condicións".

Visto o escrito presentado por Dona Maria del Carmen Rodríguez Pérez adxudicataria do servicio de bar-cafetería do polideportivo municipal, no que interesa lle sexa devolto o importe dunha fianza constituída no seu día coma consecuencia da adxudicación do servicio de bar-cafetería do polideportivo municipal, por importe de 300.000 pesetas, e tendo en conta a resolución do contrato por acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 13 de maio pasado e visto tamén o informe do director do servicio municipal de deportes, esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda a devolución da devandita fianza.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da farmaceutica titular, partes quincenais da cloración de augas de abastecemento de consumo público de Santa Cristina e do abastecemento de Ribadavia.

Da Delegación da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, comunicando a análise da auga da Zona de Baño "Pozas de Francelos", segundo a mostra recollida o día 20/8 no devandito lugar, como apta para o baño.

Do Goberno Civil, interesando informe complementario do expediente 544/96, referente a un establecemento público desta Vila.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á certificación nº 1, da obra nomeada "Saneamento en Ribadavia", por importe de 1.670.479 pesetas, con cargo ás aportacións seguintes: Estado, 584.668 pesetas; Deputación (F.P.), 584.668 pesetas; Concello, 501.143 pesetas.

Os efectos de facilitar ós contribuíntes o cumprimento das obrigas tributarias e, tendo en conta que durante o período voluntario, houbo o período vacacional, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda amplia-lo prazo para o cobro do IBI de natureza urbana en período voluntario de cobranza ata o vindeiro 30 de Setembro.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la memoria denominada "Habilitación de local para Centro Social en Muñoz Calero", ó obxecto de solicita-la correspondente subvención ó abeiro do Convenio de colaboración entre o INEM e mailas Corporacións Locais, de acordo coa Orde do 2 de Marzo de 1994.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.